

22 DE XANEIRO DE 2019

## 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 13 DE NOVEMBRO DE 2018.

Apróbese a acta da sesión celebrada o día 13 de novembro tras as alegacións feitas polas Organizacións Sindicais.

## 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: OFERTA DE EMPREGO 2019.

A Administración facilita ás Organizacións Sindicais a súa proposta de Oferta de Emprego Público 2019 : Distribución de prazas por especialidades e corpos.

Dende ANPE temos que criticar unha vez mais a forma de presentación da oferta xa que non houbo unha negociación real despois dun estudio previo e fundamentado das verdadeiras necesidades nos diferentes corpos e especialidades, non se xustifican os criterios empregados por a Administración: taxa de reposición, estabilización de emprego temporal e promoción interna .

Para ANPE Galicia falta un punto máis que consideramos sumamente importante, e que é a recuperación do profesorado perdido na nosa Comunidade Autónoma durante os anos de crise económica. No ano 2009 había en Galicia un total de 31.820 docentes e actualmente hai uns 1.500 docentes menos. En cambio, o profesorado do ensino concertado se viu incrementado en todos estes anos en detrimento do profesorado do Ensino Público. ANPE Galicia considera que nas Ofertas de Emprego Público débese contemplar **á recuperación de todo ese profesorado perdido.**

ANPE considera que debe facerse unha redución da porcentaxe de profesorado interino pero razoablemente non se entende que se oferten unhas especialidades e outras non. De aí que se deba actuar con prudencia e con Ofertas o máis consensuadas posible.

En relación ás prazas de promoción interna entendemos que debe ofertarse un mínimo por lei pero máis próxima á realidade xa que non ten demasiada demanda o que vai deixar prazas sen cubrir como aconteceu o curso pasado e que non pasan ao turno libre polo que, este “ampla oferta é enganosa.

- En relación á **Orde de Convocatoria** dos procesos selectivos:

ANPE reitera que **é importantísimo e fundamental que haxa un concurso-oposición real. A Administración** debe velar polo correcto funcionamento dos tribunais, debe ampliar todos os prazos dos procesos prestando atención á fase de oposición e así evitar situacións como as que se viviron nalgunhas especialidades en que so pasaron a primeira proba o número exacto de opositores para as prazas convocadas ou mesmo menos e, finalmente outra petición unánime e na que voltamos insistir: **disminuir o número de opositores/as por tribunal.**

Demandamos que se nomeen tribunais en todas as provincias, e que no caso de secundaria non sexan sempre na mesma localidade.

# MESA SECTORIAL



**ANPE Galicia considera IMPRESCINDIBLE que todos os membros dos tribunais, sen excepción, sexan nomeados por sorteo.**

ANPE Galicia demanda criterios de valoración comúns para todos os tribunais da mesma especialidade así como a mesma proba. **A Administración resposta que a Comisión se estableceu no período de transición onde as prazas non correspondían aos tribunais.**

ANPE Galicia considera que os opositores e as opositoras deben ter dereito a coñecer a nota de cada unha das partes da proba coa maior inmediatez posible e aras dun sistema mais transparente.

ANPE Galicia considera que a valoración dos méritos da fase de concurso debe levarse a cabo por parte da Administración e non por parte dos tribunais. **A Administración resposta que o Real Decreto 276 establece que é competencia dos tribunais.**

ANPE Galicia demanda que se axilice o tema da adaptación de tempo e medios para os opositores e opositoras que o soliciten así como, instrucións claras sobre o material auxiliar que se pode utilizar, evitando os problemas de convocatorias anteriores.

ANPE considera que as Programacións Didácticas das especialidades de Formación Profesional non están adaptadas aos Currículos actuais. No anexo V hai especialidades onde as especificacións da proba práctica son moi xénericas ou que incluso non se adaptan ao temario da especialidade.

ANPE Galicia demanda instrucións claras aos tribunais para o cumprimento do recollido na convocatoria con respecto a esta proba xa que o ano pasado, por exemplo na especialidade de informática, a mesma non se correspondía co recollido na Orde de convocatoria. **A Administración analizará as probas prácticas.**

ANPE Galicia considera que debe ampliarse o prazo de reclamación ás puntuacións provisionais da fase de concurso. Tamén se debe articular e recoller na normativa instrucións sobre o procedemento de presentación de renuncias.

ANPE Galicia considera que no tema de que o tribunal considere as hospitalizacións para facer os exames, debe recollese máis casuística que a hospitalización por “maternidade” (por exemplo, hospitalización de urxencia, etc...). **A Administración non acepta esta proposta.**

Con respecto ao tema da presentación exclusiva por vía telemática ANPE Galicia considera que debe ser compatible coa presentación presencial.

ANPE Galicia considera que deben puntuarse as titulacións de linguas vernáculas do mesmo xeito que as de linguas estranxeiras.

Demandamos que o Máster de profesorado se teña en conta no baremo de puntuación como un máster máis para o corpo de mestres no que non é requisito. **A Administración non o terá en conta como mérito.**

Tamén deben valorarse todos os Másters oficiais e non soamente un como ocorre coas outras titulacións.

Debe aumentarse de dous a 4 días o prazo para que os opositores/as que superan o proceso poidan cubrir o CADP. **A Administración non ampliará o prazo porque considera que esta cuestión non da problemas.**

Dende ANPE volvemos insistir unha vez mais en que os titores/as de funcionarios en prácticas deben ser desa especialidade.

ANPE Galicia demanda que se puntúen do mesmo xeito os servizos prestados por aquelas persoas que desde unha lista única prestan servizos como substitutos en dous corpos diferentes (como por exemplo, o profesorado das listaxes de inglés de secundaria que prestan servizos como substitutos de maneira obrigatoria nas EOI e teñen a metade de puntuación cando prestan servizo neste corpo e se presentan ao de secundaria. **A Administración mantén o seu proceder e puntuarán de xeito diferente.**

ANPE Galicia demanda que quede finalizado o proceso de recoñecemento como servizos prestados dos días de vacacións do profesorado interino antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes. **A Administración resposta que por parte do servizo informático hai unha previsión de que a partires do 1 de marzo a aplicación informática de substitucións xerará automaticamente con cada substitución os días de vacacións non desfrutadas. Despois diso se fará como o curso pasado un recoñecemento e se abrirá período de alegacións.**

Aproveitamos para demandar o cobro dos meses de verán e o seu recoñecemento como servizos prestados para os substitutos que acrediten máis de 5 meses e medio xa que somos das poucas comunidades autónomas que aínda non o fan.

**ANPE Galicia, como sindicato exclusivo do Ensino Público denuncia que** para poder formar parte das listaxes de substitutos se inclúa a opción de estar habilitado para impartir docencia nos centros privados de Galicia. Solicitamos a retirada desta opción.

**NOVIDADE:** Neste punto tamén solicitamos unha aclaración sobre a futura **Orde recollida na base vixésimo cuarta de titulacións para permanencia en listas de substitucións. A Administración vai publicar unha orde na que se recollan estas titulacións e non figurarán nun anexo da Orde como en convocatorias anteriores. Non pasará pola Mesa pero fará público o borrador antes da súa publicación.**

**3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROPOSTA MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA DO ACORDO DO 20/06/1995, EN RELACIÓN COA ESPECIALIDADE DE INGLÉS NO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS.**

**4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROPOSTA CONVOCATORIA APERTURA DE LISTA DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓNS DE PROFESOR/A ESPECIALISTA DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA PARA IMPARTIR DOCENCIA NO CORPO DE PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS NA ESPECIALIDADE DE CHINÉS (592004).**

É conveniente que se faga un estudo da situación de todas as listas para poder facer convocatorias cos prazos necesarios para non ter que comezar a facer chamamentos con puntuacións provisionais como se produciu o curso pasado con determinadas listaxes.

**5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTOS DE DECRETOS POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DE 3 NOVAS TITULACIÓNS DE FORMACIÓN PROFESIONAL:**



# MESA SECTORIAL



**ANPE**  
SINDICATO INDEPENDIENTE  
GALICIA

- Técnico en Redes e Estacións de Tratamento de Augas
- Técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva
- Técnico superior en Acondicionamento Físico.

## 6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión.

